Carrizal

ÉPOCA II - Nº 6 marzo-abril-2021

Observación, defensa, protección, estudo e divulgación do patrimonio natural, etnográfico e cultural do Baixo Miño galego-portugués



Ludose

Carrizal

Época II

Xunta Directiva

Presidente……Agustín Ferreira Lorenzo
Vicepta…….Araceli Ozores Peixoto
Secret….Mª Consuelo González de Dios
Tesoureiro…Manuel Á. Pombal Diego
Vogais… Luís Dorado Senra
Noé Ferreira Rodríguez
Salvador Rodríguez Muñoz

Suplentes

Carlos Angílica Entenza
Silvia Bautista Salgueiriño

EDITOR-COORDINADOR

Agustín Ferreira Lorenzo

CONSELLO EDITORIAL

Manuel A. Pombal Diego
Tomás García-Caballero

EDITA

ANABAM
Calvario-44-baixo
36780-A Guarda (Po)

CONTACTO

Tfn/WhatsApp: 61 61 80 557
Messenger
Facebook
Correo electrónico:
anabam.anabam@gmail.com
WEB: www.anabam.org

Os artigos son responsabilidade de cada autor. ANABAM non comparte necesariamente o contido dos mesmos.

CUOTAS 2021

Proximamente faremos chegar

a tódalas persoas socias de ANABAM

o importe das cuotas correspondentes

ao ano 2021.

NIF: G36038917

Rexistro Provincial de Asociacións: 1985/001315-1ª

Rexistro Asociacións Concello da Guarda: 0004

SE NON ERES SOCIA/O DE ANABAM

SUBSCRÍBETE AO

Carrizal

6 números/ano 35 €

Foto portada: Mazarico rabipinto (*Limosa lapponica)*. Foto: Luis Dorado Senra

DL VG 208-2020

Feito en papel reciclado

O urbanismo de Santa Trega



Fig. 1: plano dun panel explicativo que reflicte o complexo urbanismo do "sector 1 de Calvo"

Por Antón Ferreira Lorenzo

O levantamento do poboado de Santa Trega, malia "presentar" unha aparente anarquía construtiva con aspecto labiríntico, debeu coñecer algún tipo de planeamento previo que supuxo, xunto co lugar a ocupar por cada barrio coas súas vivendas e edificacións anexas, o trazado de sendeiros, secundarios e principais, para dar acceso aos distintos grupos sen imposibilitar a entrada a ningún deles e sen invadir a propiedade allea.

Podemos observar dúas "arterias" principais: unha, que desde a Porta Norte cruza o poboado cara ó sur, e outra que vai desde o leste en dirección oeste, transversal á anterior. A partir destes dous trazados principais, dispuxéronse pequenas rúas interiores que "labirintan" o espazo ocupado.

Para levantar o poboado, os castrexos de Santa Trega tiveron que realizar obras de desterro creando explanadas nun terreo irregular, co obxectivo de posibilitar a construción de vivendas e almacéns. É o que podemos observar, por exemplo, nas proximidades do ángulo noroeste da muralla que, como noutras zonas, traballouse para regular un terreo que acollese a futuras construcións.

Noutros casos mantívose a altura do terreo circundante á construción, fora habitacional ou un anexo ou ámbolos dous, escavándose só o lugar que a edificación ía ocu-



Fig. 2: construcións próximas ao ángulo NW da muralla.



Fig. 3: pódese apreciar, na construción da esquerda, as diferentes alturas entre o espazo construtivo e o exterior que o rodea.

par e o seu frontal, polo que se creaba un desnivel entre a entrada á vivenda (ou almacén) e o exterior que a rodeaba pola parte traseira, precisando en ocasións un inxente traballo cando o que había que eliminar era a rocha.

Para facilitar o desprazamento creáronse ramplas ou construíronse sinxelas escaleiras, evitando deste xeito un maior esforzo dos transeúntes, sobre todo nunha economía na que cargar ao lombo co produto do traballo ou con ferramentas, pedras e madeira, entre outros obxectos, era algo habitual.

Pensemos que polo estreito das "rúas" xunto co planeamento "labiríntico" non era posible empregar animais de carga no interior do recinto amurallado.

Outras actuacións que se levaron a cabo na urbanización do Trega foi a drenaxe das augas e a canalización que xa vimos nun dos anteriores capítulos.

A drenaxe significa, as veces, rebaixar a rocha anexa á vivenda para evitar a humidade interior por porosidade. Noutras ocasións perseguíase conducir estas augas de chuvia aos pozos, realizando canles artificiais como xa vimos.

E chega un momento que é necesario delimitar e protexer o castro construíndose a muralla que o rodea e da que se conservan algúns lenzos na actualidade, maiormente no oeste, cunha lonxitude aproximadamente de 150 metros, e a que pecha o poboado polo



Fig. 4: a construción de sinxelas escaleiras facilitaba o desprazamento entre os diferentes niveis do terreo.



Fig. 5: escaleiras construídas sobre un rochedo.



Fig. 6: rocha rebaixada para drenar as augas de chuvia.

norte, duns 60 metros, onde se abre unha das dúas portas coñecidas que permitían o acceso. A estrada de subida ao monte partiu o poboado e estragou a muralla, da que podemos ver outro tramo duns 12 metros no coñecido como "sector de Calvo 2". Máis abaixo aínda será posible descubrir un terceiro tramo duns 9 metros.

Temos que subliñar que a muralla do poboado castrexo de Santa Trega, cun grosor máximo que non supera os 160 centímetros, feita con cachotería, non posúe as características dunha construción defensiva, polo que o seu obxectivo debeu ser de delimitación territorial e para protexerse de pequenas accións furtivas provocadas por posibles moradores doutros poboados ou da acción dos animais, ou mesmo para protexerse dos ventos



Fig. 8: captura de *google earth* cos tramos da muralla conservados.

que as veces sopran con forza. Esta apreciación xa a observou, durante as escavacións de 1992-23, o director das mesmas, Ignacio Calvo y Sánchez, quen subliña nas memorias ao respecto a sinxeleza da muralla que "hace suponer que los primitivos pobladores de la citania vivieron en pacífico sosiego".

Paralelo á muralla, e pegado a ela, esténdese o "camiño de rolda", un corredor que circunda o poboado facilitando un mellor acceso a cada un dos grupos familiares e mesmo á saída do castro para realizar fóra del as tarefas diarias de subsistencia.

A carón da Porta Norte, no exterior da muralla, podemos observar unha construción á que se lle supón unha función de vixilancia ou atalaia, cun amplo campo de visión cara ao océano, ao río e ás terras que quedan entre ambas masas de auga.

(Continuará no vindeiro número)



Por **Xoán Gándara**

Case no cumio do monte da Madalena, ao pé da capela do mesmo nome, atopamos as sobreiras. Son tres árbores de grande porte máis un máis miúdo que de non estar ao lado e serlle complementario, non chamaría a atención.

Sitúanse case no cumio, podendo ser observados tanto desde abaixo, desde o camiño e aparcadoiro, como á altura das copas, subindo ao recinto da capela. Unha delas, a máis grande, está no mesmo borde do terraplén da parte norte da parcela. O conxunto ocupa case a totalidade dos laterais norte e oeste circundando unha plataforma ao pé da capela.

Entre os catro forman un enramado de forma elíptica, de máis de 30 metros no seu diámetro máis longo, excedendo os 20 metros no máis curto.

As catro árbores forman un ángulo máis ou menos recto, case no borde da parcela, polo lado norte e oeste, facendo de vértice o máis groso dos catro.

Non hai datos que permitan saber a ideade certa das árbores, pero sérvenos de orientación a capela, xa mencionada en documentos do S. XII, e o groso dos pés, podendo afirmar que, sendo conservadores, contan con máis de trescentos anos. Dá

idea da idade o perímetro, que vai desde os 385 cm ata os 485 do máis grande.

Observando con certa atención o enramado desde o chan, vese que o crecemento das árbores adaptouse ás circunstancias de proximidade, de xeito que dentro da elipse que forman, a do medio creceu de maneira case rectangular, estendéndose para fóra, pois viuse encaixado entre as outras dúas. As exteriores forman uns semicírculos e xunto coa do medio mesmo parece que son unha soa árbore. Do seu tamaño dan idea non só os troncos, tamén as pólas que chegan a alcanzar máis de dez metros.

Non se pode falar das sobreiras da Madalena sen facelo do lugar e da súa historia, que pasa pola da da capela.

Hai quen sostén que a capela está situada nun antigo altar, pertencente á cultura castrexa.

O que certamente está acreditado, é que a capela xa se menciona en documentos do S. XII, como pertencente ao mosteiro de Oia. Está acreditado así mesmo, que o monte serviu de emprazamento de pezas de artillería, nas guerras con Portugal.

Toda a zona, e singularmente o monte da Madalena, foi obxecto de estudo e atopáronse restos castrexos (culturas anchelense e camposanquiense). Así se men-





Hermida da Magdalena. As Eiras.
Carbón de Antonio Fernández.

ciona en Noticias *de Arqueología Gallega* de Pedro Díaz Álvarez (edicións Monterrey, 1958). Tanto o castro como a ermida, están recollidos no inventario do patrimonio cultural da Xunta.

Desde sempre chamaron a atención da xente interesada pola cultura, singularmente de pintores como Antonio Fernández ou Xavier Pousa. Corticeiras e capela, foron pintadas por Antonio Fernández, quen na súa persoal interpretación do lugar, alterou a situación das árbores. Tamén foi obxecto de atención do pintor Xavier Pousa, polo menos nun óleo do ano 1972.

Por outra banda o pobo de Eiras, é un dos máis antigos de toda a comarca, aparecendo xa en mapas do século XII, co nome de *San Bartol de Las Heras*.

Hai xa un tempo, promoveuse a inclusión das sobreiras no Catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia e na hora de escribir estas liñas, están a piques de ser incluídas, pois o expediente xa se atopa no tramo final, con todos os informes favorables á inclusión. Sen dúbida será un paso importante, pois aínda que se encontran en bo estado pese a que nunca foron obxecto de coidados, máis alá de "deixalas en

paz", aparecen novas enfermidades que poderían dar cabo delas. É importante tamén a inclusión no catálogo para que máis xente saiba da súa existencia e poida gozar de velas e deixarse acariñar pola sombra nos días de verán.

É ben sabido que cando a xente considera o monte como algo propio, como un ben a gozar, tende a coidalo máis.

Pódese ir onde elas desde o centro do pobo de Eiras, a partir da igrexa por unha pista asfaltada ou desde outros puntos, aproveitando o armazón de camiños municipais, todos asfaltados. Tamén se pode chegar partindo do lugar chamado Pontillón, desde a estrada Tui – A Guarda, no límite entre os municipios do Rosal e Tomiño.

Como alternativa moi interesante, pódese chegar tamén por unha pista forestal en bo estado, desde A Portela, no alto de San Xoán de Tabagón, pasando polo petróglifo do Ghorghalado.



Óleo de Xabier Pousa.

En calquera caso, pódese facer unha interesante andaina sen demasiada dificultade, pasando por cruceiros, petos de ánimas e fontes, e de cando en vez baixo a sombra de carballos. De camiño á Madalena, paga a pena deterse un anaco no petróglifo.

O expediente está practicamente acabado, á espera de que pasen os días para que o promotor poida recorrer a resolución, cousa que non vai facer, polo que cando isto se poida ler o parágrafo podería ser, *recentemente, as sobreiras foron incluídas no Catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia….*

PRIMEIRO REXISTRO DUN AVE ANELADA NA GUARDA

Recopilado por Antón Ferreira Lorenzo



A "*Voz de la verdad*" no seu número do 25 de novembro de 1911 daba a noticia do achádego dunha gaivota en Camposancos:

"Aves mensajeras"

El Real Museo de Historia Natural, de Leyden (Países Bajos) ha dado suelta en todo el reino, durante el año actual, a más de dos mil aves de diferentes especies, con objeto de hacer estudios acerca de la emigración y de la edad de las mismas.

Una gaviota, puesta en libertad el día 25 de junio en Zelanda apareció muerta de una perdigonada, á últimos del pasado mes de Octubre, en el muelle de Camposancos (Provincia de Pontevedra). Una anilla, sujeta a la pata derecha llevaba la inscripción: Museo Leyden, 796.

Gran servicio prestará a la Ciencia cuantos hagan llegar a la docta Corporación holandesa, noticia de las capturas verificadas y, a ser posible, las anillas de que son portadoras las aves.

Al Sr. Mestre, cónsul de Guatemala en Vigo, ha cabido la satisfacción de comunicar al director del Museo de Leyden, Monsieur Voors, el hallazgo de la gaviota de Camposancos."



Por **Afonso Salvador Rodríguez González**

O *carrasco de arroio*

Os carrascos da serra da Groba vexetan en xeral sobre solos que presentan un certo grao de humidade, cando menos estacional, se ben, as características follas lineais que mostran a maior parte das especies, permítenlles soportar o estrés hídrico do verán. Existe, porén, un carrasco especialmente vinculado aos solos húmidos, e que por ese motivo é denominado na Serra da Groba como ***carrasco de arroio*** (que no léxico local significa "carrasco de turbeira").

Trátase de *Erica ciliaris*, un carrasco que destaca entre outras características polos seus vistosos acios de flores dunha intensa cor rosada ou púrpura, de corola tubular-acampanada, curvada, de 1 cm aproximadamente de lonxitude, que podemos observar entre os meses de maio e outubro. As follas deste carrasco, de forma lanceolada a oval, están provistas de numerosos cilios (de aí o seu nome específico) e difire bastante da forma padrón acicular, común na maior parte dos seus conxéneres. Agrúpanse en verticilos de 3 ou 4.

Erica ciliaris distribúese ao longo de toda a fachada atlántica europea (incluíndo o N e W da Península Ibérica) e NW de África. Medra en solos acedos e húmidos -mais non permanentemente enchoupados- resultando un carrasco moi abondoso en humidais de tipo turboso situados en altitudes medias e baixas, en áreas de influencia oceánica. Os sistemas de turbeiras e relevos suaves que caracterizan as chans da Serra da Groba e do Cereixo (situadas maioritariamente nas cotas dos 350-400 m.s.n.m.) acollen aínda importantes poboacións desta es-

pecie, en comunidades mixtas acompañada polo toxo gateño (*Ulex minor) e,* máis localizadamente, *Ulex gallii* subsp. *Breoganii*).

Existe, porén, outro carrasco semellante que medra en solos aínda máis enchoupados: o **carrasco das brañas** (*Erica tetralix*). Esta especie, tamén de distribución atlántica europea é, sen embargo, moito máis resistente ao frío. Acada por este motivo latitudes máis setentrionais e escala máis en altitude, adentrándose ademais en áreas interiores de clima continental. Alá onde convive coa especie anterior ocupa as posicións centrais das turbeiras, permanentemente húmidas, ao tempo que *Erica ciliaris* se dispón, á súa vez, formando unha orla ao seu redor, en solos máis elevados que quedan temporalmente en seco durante o período estival.

Non coñecemos ningún exemplar de *Erica tetralix* na Serra da Groba nin nas turbeiras da Portavedra e Pinzás, mais si en sistemas montañosos próximos: na Serra do Galiñeiro e na Serra D'Arga (Portugal), de maior altitude e situadas a unha distancia algo maior do mar.

As **carrasqueiras húmidas** de *Erica ciliaris* e *Erica tetralix son hábitats de alto valor ecolóxico, que serven de refuxio a moitas especies características das comunidades vexetais de turbeira (como as 3 especies de plantas insectívoras que se encontran na Serra da Groba), e acollen ademais outras plantas escasas ou de carácter endémico, como Gentiana pneumonanthe e Cirsium filipendulum.*


Afonso

Pinceladas púrpuras na matogueira atlántica

Entre os meses de maio e setembro, as matogueiras de **toxo arnal** (*Ulex europaeus*) da Serra da Groba aparecen salpicadas de

numerosas manchas púrpuras ou rosadas. Son as flores, agrupadas en panículas, do **carrasco de tres follas** (*Erica cinerea)*, acompañante típico deste toxo en terreos de humidade intermedia e ben drenados. Estas formacións ocupan preferentemente situacións de media ladeira, faltando tanto nas superficies saturadas permanentemente de auga como nas posicións máis secas.

O carrasco de tres follas é un carrasco arquetípico dentro do xénero *Erica* presentando follas lineais a lanceolado-lineais, agrupadas en verticilos de 3, así como flores urceoladas (con forma de ola ou campá). As caules novas, de cor pardo-avermellada, presentan un denso indumento de pelos brancos non glandulares, que lle confiren ás mesmas un aspecto cincento (de aí o seu nome específico).

Erica cinerea é un compoñente característico das carrasqueiras secas europeas que habita no occidente da área atlántica europea, en rexións de clima húmido e temperaturas suaves. Foxe dos fríos extremos, non ascendendo tanto en altitude nin en latitude como *Calluna vulgaris*. A asociación que presenta co toxo arnal (*Ulex europaeus*) é, xunto coa deste mesmo toxo con *Erica umbellata*, a formación de matogueira máis estendida na Serra da Groba.


agufelo

Nas terras máis áridas

O carrasco de umbela, coñecido en áreas próximas como **carrasco gateño** (*Erica umbellata)* é un pequeno arbusto de non máis de medio metro de altura, con follas lineares a linear-lanceoladas, se ben no segundo caso as marxes das mesmas móstranse moi reviradas cara ao interior. As flores, rosadas, agrúpanse en pequenas umbelas terminais de 3 a 6 flores, ás que fai referencia o nome específico deste carrasco. É un carrasco de floración primaveral, que se estende desde marzo até xullo.

Medra en solos que presentan un contido en auga especialmente contrastado: moi húmidos no inverno, mais extremadamente secos no verán. Trátase en

xeral de terreos moi degradados e de escasa profundidade, pedreguentos, que drenan con facilidade, situados preferentemente nas partes altas das ladeiras e en afloramentos rochosos. O carrasco de umbela aparece en comunidades mixtas acompañando aos toxos mellor adaptados á seca edáfica: *Ulex europaeus* na Serra da Groba, e ao endémico *Ulex micranthus* en posicións máis afastadas do mar, na Serra do Argallo e nas solainas da Serra do Galiñeiro.

Erica umbelata é un endemismo que se distribúe pola metade oeste peninsular e NW de África. Encóntrase en áreas de clima atlántico con invernos húmidos, mais que presentan unha estación seca máis ou menos prolongada. Nas terras áridas onde habita, constitúe un importante recurso como pasto para a gandería extensiva e como planta melífera.

Un ecosistema ameazado

As **carrasqueiras** son comunidades vexetais que -a excepción de costas expostas a fortes ventos, grandes altitudes ou solos saturados de auga- teñen carácter sucesional, ocupando superficies anteriormente deforestadas, ben sexa por causas naturais -como cambios no clima- como por efecto da acción humana. Este foi o caso da Serra da Groba, onde nos últimos 5000 anos, amplas extensións de bosque foron transformadas en zonas de pastoreo, sendo recolonizadas polo mato atlántico. Un novo hábitat, modelado polo ser humano a través do lume e da gandería extensiva, ocupaba o lugar de carballeiras e sobreirais. As carrasqueiras recuperaban así as superficies ocupadas nos períodos glaciais.


agufelo

Sen embargo, como se dun movemento pendular se tratase, a masa forestal volveu cubrir novamente unha parte maioritaria da Serra da Groba, outra vez a costa das matogueiras. Esta reforestación masiva de carácter non natural, que se executou sobre todo a partir da instauración do réxime

franquista, non tivo en conta porén as especies autóctonas que habitaban anteriormente a serra; polo contrario, centrouse en especies de rápido crecemento: o piñeiro bravo (*Pinus pinaster*) e dúas árbores de carácter exótico, o americano piñeiro de Monterrei (*Pinus radiata*) e o eucalipto branco (*Eucalyptus globulus*).

A diferenza dos monocultivos de piñeiro e eucalipto, as carrasqueiras atlánticas constitúen hábitats naturais que acollen unha rica biodiversidade. Algunhas das especies máis ameazadas da fauna galega, como a **aguia real**, a **tartaraña cincenta** e a **gatafornela**, dependen destes ecosistemas abertos para a súa supervivencia. Se ben a aguia real (*Aquila chrysaetos*) se extinguiu hai varias décadas da Serra da Groba, e tanto a tartaraña cincenta (*Circus pygargus*) como a gatafornela (*Circus cyaneus*) só poden observarse nesta serra durante os pasos migratorios, neste espazo natural sobreviven aínda diversas especies localmente escasas ou de alto valor de conservación, como son a **lebre** (*Lepus granatensis subsp. gallaecicus)*, a **aguia cobreira** (*Circaetus gallicus*) ou o **sapo de esporóns** (*Pelobates cultripes*), o noso anfibio máis ameazado.

Numerosas aves migratorias que nidifican en latitudes norteñas encontran ademais nestas superficies excelentes lugares de descanso e de alimentación, destacando entre todas elas a rara **píllara rubia** (*Charadrius morinellus*). O cada vez máis escaso **cabalo galego de monte** cumpre neste ecosistema un papel de "especie chave", posiblemente desde tempos anteriores á Idade do Bronce, aportándolle ao mesmo unha estrutura característica, que sostén a existencia de numerosas especies vexetais e animais.


Luis Dorado Senra

As carrasqueiras da Serra da Groba e das chans da Portavedra e Pinzás teñen a consideración de "*hábitats de interese comunitario*", segundo a Directiva comunitaria *92/43/CEE.* A maior parte delas están incluídas no hábitat "*carrasqueiras*



secas europeas" (código 4030). Mais existen tamén importantes representacións, máis localizadas, dun segundo hábitat cualificado como "*prioritario*": as "*carrasqueiras húmidas atlánticas de Erica ciliaris*" (código 4020). Nas súas partes interiores, ocupando unha posición intermedia entre a carrasqueira húmida e a turbeira, encontramos ademais un terceiro hábitat, tamén considerado como prioritario: o cervunal (código 6230).

Se ben a citada directiva comunitaria establece que "*cómpre designar Zonas Especiais de Conservación*" para a protección destes hábitats, e que no caso particular dos hábitats prioritarios, estes se encontran "*ameazados de desaparición*", e a súa conservación "*supón unha especial responsabilidade para a Comunidade Europea*", o certo é que a Xunta de Galicia excluíu á Serra da Groba da Rede Natura 2000, abocando a estes hábitats a unha progresiva degradación e fragmentación na serra.

A triste realidade é que este tipo de matogueiras (incluídas as consideradas como hábitats prioritarios) continúan a ser reemprazadas na Serra da Groba por novas plantacións de piñeiros e eucaliptos. A desprotección legal na que se encontra este espazo natural debuxa un panorama moi sombrío para a supervivencia destes hábitats e da súa rica biodiversidade. Panorama que se volve, se cadra, aínda máis incerto se consideramos novas ameazas globais, como o cam-

bio climático ou a deposición atmosférica de nitróxeno (que podería favorecer ás gramíneas fronte ás ericáceas).

Precisamos redescubrir este hábitat ancestral, co que convivimos como especie durante milenios, e plantexarnos en profundidade a política forestal que queremos, para que este valioso ecosistema e a súa rica biodiversidade continúen a ocupar un lugar nos nosos montes.

A conservación da matogueira atlántica na Serra da Groba depende da supervivencia do cabalo galego de monte, especie chave neste ecosistema.



Synema globosum
Araña Napoleón

Por **Agustín Ferreira Lorenzo**



agufelo

A araña Napoleón é un dos arácnidos máis comúns e coloridos que atopamos en moitos lugares da nosa bisbarra, se ben, dado o seu pequeno tamaño, non resulta excesivamente rechamante para o común dos mortais, agás que esteamos interesados por estes invertebrados, ou sexamos curiosos con todo o que teña que ver coa natureza. É ,tamén, unha araña florícola, das varias especies que habitan no Baixo Miño, pois imos atopalas principalmente sobre flores. Comezan verse a finais de abril ata practicamente desaparecer a partir de finais de xullo. Non son agresivas e non supoñen perigo algún para nós. Cazadoras, permanecen á espreita na procura dalgunha presa que, atraída polo néctar das flores, se achegue ata onde se atopa ela, permanecendo agochada e inmóbil pacientemente ata que iso suceda.



Nas flores compostas de cor amarela foi onde atopei maior número de individuos. A maior parte destas flores amosaban sinais da presenza destas arañas, por presentar as lígulas dobradas cara ao interior, suxeitas por unha superficial tea.

Synema globosum é unha das arañas que forma parte do grupo denominado coloquialmente **arañas cangrexo** e tamén, **arañas das flores**. O seu nome vulgar é o de **araña Napoleón**, nome que lle vén dese debuxo que ostenta na parte superior do seu abdome, que recorda á famosa silueta do xeneral francés.

Poden verse principalmente na primavera, pero podemos atopalas dende abril ata xullo, con máximos nos meses de maio e xuño.

Estas arañas non fan teas, cazan á espreita, agardando nas flores a que se acheguen as potenciais presas. Estas, segundo temos observado, adoitan ser maiormente dípteros e himenópteros, se ben, neste último grupo nunca observamos avespas aínda que si abellas.

A primeira persoa en citar esta especie no Baixo Miño foi o xesuíta e naturalista Pelegrín Franganillo, quen levou a cabo estudos sobre os arácnidos desta zona na primeira década do século XX, cando estivo desenvolvendo o seu labor pedagóxico no Colexio Apóstolo Santiago, de Camposancos, A Guarda.

O meu interese por esta araña xurdiu no mes de maio do ano 2015, pois no meu habitual traxecto diario entre A Guarda e Camposancos, decateime da







As tres cores habituais destas arañas: amarela, vermella e abrancazada. A partir de aí, pode presentar algunha tonalidade desas cores máis ou menos intensa.

súa presenza. Podía vela constantemente sobre diversas flores que aparecían ao longo do meu percorrido. Así que, logo de varios días de observalas, véuseme á mente o de tomar algunhas notas sobre elas. Por exemplo, a cor que presentan ou as flores nas que se atopan habitualmente. Esta pequena e inofensiva araña, que non chega a un centímetro de lonxitude no caso das femias, e a metade nos machos. Durante varios días recollín información de tódalas arañas observadas no meu desprazamento diario, sen determe a escudriñar polo miúdo nas flores que xurdían ao meu paso, deténdome unicamente nas que, a medida que me desprazaba, observaba algún indicio ou sinal da súa presenza que me indicase a posibilidade de que a Napoleón puidera estar alí. Esta recollida de datos leveina a cabo ao longo de varios días, non contabilizaba os exemplares dos que xa tomara notas nalgunha ocasión anterior. Nos catro primeiros días, o resultado foi un total de 20 individuos observados, varios deles machos, pousados en diferentes tipos de flores, sendo as compostas onde maior número de veces puiden observalas, aínda que tamén debo dicir que era a planta dominante sobre as demais. Non obstante, en posteriores observacións, aparecía tamén sobre outras plantas como umbelíferas, algo menos en cistáceas e xa, anecdoticamente, nas lígulas de cardos, leguminosas, *Asphodelus album*, retamas, etc.

Ademais das flores, prestei atención á



cor dos exemplares observados. Estas observacións, aínda que non de xeito metódico nin rigoroso, leveinas a cabo nos seguintes anos entre o piñeiral de Camposancos e as zonas anexas ao Seixal, na costa sur da Guarda.

Algúns datos dos primeiros 20 exemplares observados no ano 2015:

FLORES:

- O 90 % das arañas observadas fórono nas compostas de cor amarelo, si ben, temos que sinalar que este tipo de flores eran, nese momento, as máis abondosas.

- O 5 % en umbelíferas e outro 5% en compostas de cor branca.

COR DAS ARAÑAS:

-30 % vermellas.

-50 % abrancazadas.

-20 % amarelas.



Díptero, neste caso pertencente aos sírfidos, no momento de ser capturado por unha araña cando visitaba unha das flores na procura de néctar.

FAUNA SILVESTRE ATROPELADA



Por **Xabi Pin**

Alá polo mes de xullo de 2020, botaba a andar o proxecto **ANABAM ATROPELOS**, co obxectivo de recoller datos da fauna salvaxe que aparecía atropelada nas estradas do Baixo Miño.

Un proxecto aberto á participación de calquera persoa que queira colaborar, usando unha sinxela aplicación de móbil, na que dunha forma moi intuitiva, en cuestión dun par de minutos, os rexistros aportados sóbense directamente á base de datos.

Grazas á tecnoloxía, cada vez son máis os proxectos científicos que tratan de involucrar á sociedade na participación activa en diferentes estudos. Os obxectivos son varios. Por unha banda, o feito de que poida participar calquera persoa, independentemente dos coñecementos previos que teña sobre a materia a estudar, achega de maneira transversal o que en tempos pasados parecía exclusivamente reservado a persoal especializado. Isto ten moita importancia porque ademais de achegar o método científico a calquera cidadán, actúa como ferramenta de concienciación directa e indirecta ca difusión entre as relacións persoais de cada participante.



Por outra banda, permítenos ter

un coñecemento máis preciso da variedade de fauna coa que convivimos a diario na nosa comarca, e da problemática que representa a actividade humana cotiá en relación co prexuízo que causamos diariamente, de forma moi absurda, a esa fauna.

E xa pensando a nivel máis institucional, os datos recollidos, poderían ser utilizados algún día para presentar nas administracións, para que teñan en conta esta terrible realidade, e poidan poñela como prioridade á hora de deseñar as novas infraestruturas, ou ben, de mellorar as existentes.

Dende que se puxo en marcha o proxecto e ata final do ano 2020, recolléronse datos de **46 atropelos** nas estradas do Baixo Miño, de **15 especies diferentes**.

A especie que lidera esta macabra clasificación, é o fermoso ourizo común (*Erinaceus europeaus*), un animal de desprazamentos lentos e nocturnos, que o fai moi vulnerable cando ten que cruzar unha estrada...., coellos, raposos, teixugos, xenetas, rapinas nocturnas, mustélidos, réptiles e pequenas aves.....dan conta da riqueza de diversidade faunística ca que convivimos e matamos a diario como consecuencia do noso ritmo de vida e "desenvolvemento", que ten un alto prezo en vidas animais....

Nestes primeiros meses do proxecto participaron 5 persoas na achega de datos. Seguramente quedaron moitos rexistros sen recoller. Nestas primeiras semanas do ano uníronse 3 persoas máis que axudarán a ampliar e cubrir moito mellor a visión desta problemática por toda a bisbarra.

Queremos agradecerlles a súa colaboración desinteresada, e animamos a todas as persoas a que se sumen para que ningún animal atropelado no Baixo Miño quede no esquecemento....

A continuación o resultado acadado ata o momento:

Nome común	*Nome científico*	*Nº exemplares*	*Porcentaxe*
OURIZO COMÚN	*Erinaceus europeaus*	*17*	*37 %*
COELLO	*Oryctolagus cuniculus*	*6*	*13 %*
COBREGÓN	*Malpolon monspessulanus*	*3*	*6,5 %*
RAPOSO	*Vulpes vulpes*	*3*	*6,5 %*
CURUXA	*Tyto alba*	*2*	*4,3 %*
GAIVOTA PATIAMARELA	*Larus michahellis*	*2*	*4,3 %*
MERLO	*Turdus merula*	*2*	*4,3 %*
MOUCHO	*Athene noctua*	*2*	*4,3 %*
COBRA DE ESCADA	*Zamenis scalaris*	*1*	*2,2 %*
POMBA TORCAZ	*Columba palumbus*	*1*	*2,2 %*
XENETA	*Genetta genetta*	*1*	*2,2 %*
PARDELLO	*Passer domesticus*	*1*	*2,2 %*
NOITÉBREGA	*Caprimulgus europeaus*	*1*	*2,2 %*
TEIXUGO	*Meles meles*	*1*	*2,2 %*
MUSTÉLIDO (sen identificar)		*1*	*2,2 %*
PASERIFORME (sen identificar)		*1*	*2,2 %*
AVE (sen identificar)		*1*	*2,2 %*

AVALIACIÓN DA POTENCIAL CONTAMINACIÓN NO PORTO DA GUARDA POR TRIBUTILO DE ESTAÑO USANDO *Nucella lapillus* (Linnaeus, 1758) COMO BIOINDICADOR (Parte I)



Por Daniel Zarco Fernández

TUTORES

Edita López López. IES A Sangriña. A Guarda

Juan Hermida Lago. IES A Sangriña. A Guarda / IES Val Miñor

Jesús Souza Troncoso. Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal. Universidade de Vigo

MEMORIA DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN

IES A Sangriña. A Guarda

Facultade de Ciencias do Mar. Universidade de Vigo.

Bienio 2018/2020

RESUMO

O TBT, antiga base das pinturas antiincrustantes, provoca imposex, fenómeno que xera unha imposición de órganos masculinos en femias de *Nucella lapillus*, o que pode provocar a desaparición da especie na zona de envelenamen-

to. O obxectivo deste traballo foi detectar posibles casos de imposex no porto da Guarda, comparando os individuos desta zona cos de Portecelo, unha zona potencialmente libre de contaminación. Tras a análise das mostras atopáronse varios individuos que presentan unha lonxitude de pene pequena en relación ao seu tamaño de cuncha no porto da Guarda; con todo, non se atopou ningunha das fases intermedias de imposex, polo que non se puido confirmar ningún caso de imposex. Os resultados obtidos suxiren que a concentración de TBT na zona portuaria da Guarda, na actualidade, son menores que os necesarios para inducir imposex.

Palabras chaves

TBT, Imposex, *Nucella lapillus*, antiincrustante, biofouling

Proxecto realizado ao amparo da Resolución do 12 de xuño de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula o bacharelato de excelencia en Ciencias e Tecnoloxía (STEMbach), de xeito experimental para o curso 2018/19. (DOG Núm 117, do 20 de xuño de 2018)

INTRODUCIÓN

Nucella lapillus (Figura 1) é un gasterópodo mariño carnívoro da familia Muricidae. *N. lapillus* posúe unha cuncha pequena e redondeada con ápice apuntado. A maioría dos exemplares son grises ou brancos, a cuncha pode mostrar bandas espirais, xeralmente de cor marrón pálida (Fretter e Graham, 1985).

O seu tamaño rolda entre 32 mm de longo e os 22 mm de ancho, chegando ocasionalmente ata 50 mm de longo (Fretter e Graham, opus cit.). En España, *N. lapillus* pódese atopar en cantidades abundantes en Galicia, habitando os tramos medio e baixo das costas rochosas. A miúdo agrégase en gretas de rocas e debaixo de pedras (Fretter e Graham, 1985).

Por outra banda, a súa alimentación baséase, fundamentalmente. en lapas e mexillóns (Morgan, 1972a). Suxeriuse que son máis oportunistas do que xeralmente se pensaba, alimentándose de calquera tipo de molusco dispoñible (Largen, 1967).

No referente á reprodución, as cápsulas das postas varían dunha cor amarela palliza a rosado. En cada cápsula de media pode haber ao redor de 600 ovos, a maioría destes son ovos alimenticios non chegando a desenvolverse

(Fretter e Graham, 1985). Estímase que poden vivir de 5 a 6 anos. (Fretter e Graham, 1994).


Fig. 1

Un dos elementos que inflúen na mortalidade de *N. lapillus* son as pinturas antiincrustantes. Demostrouse que estas pinturas exercen un gran dano sobre o ecosistema mariño. A persistencia destas pinturas no medio mariño provoca a morte dos organismos mariños, causa danos ao medio ambiente, e posiblemente entra na cadea alimenticia (Convenio OMI, 2001). A misión destas pinturas é impedir o desenvolvemento de algas, moluscos e outros organismos no casco dos barcos. Esta acumulación de organismos coñécese como biofouling. O biofouling é "o fenómeno indesexable de adherencia e acumulación de depósitos bióticos, sobre unha superficie artificial mergullada ou en contacto coa auga do mar (Eguía, 2000), isto constitúe un problema que xera grandes perdas económicas.

No pasado, a efectividade destas pinturas baseábase xeralmente na toxicidade do cobre (Gibbs, 1999). Na década dos sesenta mellorouse a súa eficacia, co emprego do composto órganoestánnico, tributilo de estaño (TBT) (Fig. 2), formado por tres grupos butilo unidos a un átomo de estaño (IV) mediante ligazóns covalentes de fórmula $(C_4 H_9)_3Sn$.




Figura 2: Estructura del TBT

O TBT pode provocar danos tanto mortais como subletais en grupos taxonómicos diversos e a distintos niveis de organización, desde alteracións bioquímicas ata extincións a escala local (Fent, 1996). Dado que o seu efecto tóxico na flora e a fauna mariña é importante (Barreiro et al., 2004), en setembro de 2008 a Convención Internacional para o Control das pinturas antifouling prexudiciais, levada a cabo pola Organización Internacional Maríti-

ma (IMO), prohibiu mundialmente o uso do TBT en todos os barcos (Lanjareiro, 2016). Con todo, o tempo de vida media no sedimento, pode chegar á orde de décadas (Sarradin et al., 1991; Watanabe et al., 1995).

Un dos danos que pode provocar o TBT no ecosistema mariño é a indución de imposex nalgunhas especies de moluscos como é o caso de *N. lapillus*. O imposex é un fenómeno que produce a superposición de órganos reprodutores masculinos en femias dunha especie de moluscos. O termo 'imposex' úsase agora exclusivamente para describir o efecto masculinizante de TBT, non afectando en todas ás especies por igual, e nalgunhas o seu efecto pode chegar a ser nulo, pero en especies como *N. lapillus* pode chegar a ser moi importante. Este fenómeno pode chegar a impedir a reprodución e mesmo provocar a desaparición da devandita especie na zona de envelenamento polo TBT. No período de transformación do xénero provocado polo imposex sobre *N. lapillus* recoñécense tres etapas: unha etapa 'temperá' que involucra a formación dun vaso deferente e un pene pequeno, unha etapa 'intermedia' caracterizada polo agrandamento do pene feminino a un tamaño que se aproxima ao do macho e unha etapa 'tardía' durante a cal, o poro xenital feminino está ocluído polo crecemento excesivo do tecido do conduto deferente (Bryan et al., 1986). O imposex afecta aos individuos que se atopan en zonas onde se realizaron labores de mantemento, utilizando pinturas antiincrustantes.

En consecuencia, formulamos a hipótese de que é posible que a poboación de *N. lapillus* da zona do porto da Guarda puidese verse afectada por un posible imposex.

O obxectivo do proxecto foi detectar casos de imposex na zona portuaria guardesa.

MATERIAL E MÉTODOS

Para levar a cabo o estudo seleccionáronse dous lugares distintos da provincia de Pontevedra (Fig. 3). Un o porto da Guarda (G), e outro Portecelo (P), por ser unha zona exposta a mar aberto, e por tanto potencialmente libre de contaminación. En cada zona elixíronse 3 puntos de mostraxe, en cada un deles recolléronse 90 individuos, facendo un total de 540.

Os individuos mantivéronse na neveira durante 24 h para evitar a contracción dos seus órganos e facilitar así a identificación de sexos. Transcorrido




Figura 3: mapas das zonas de mostraxe en Galicia: Portecelo (PZ1, PZ2 e PZ3) e A Guarda (GZ1, GZ2 e GZ3).

este tempo almacenáronse no conxelador a -18 ºC para a súa conservación. Cun calibre tomáronse medidas morfométricas do ancho e do longo (Fig. 4). Unha vez retirada a cuncha, os individuos mergulláronse nunha disolución de azul de metileno coa finalidade de facilitar unha mellor observación. Coa axuda dunha lupa localizáronse os órganos xenitais e mediuse a lonxitude do pene cun calibre (Fig. 5).




Figura 4: medida do longo e ancho de *N. lapillus*




Figura 5: procedemento de medida da lonxitude do pene.



OS MACROPROXECTOS EÓLICOS AMEAZAN AS SERRAS DA GROBA E DO GALIÑEIRO.

Temos que Paralos!!!!



M. Javier Blanco-Souto

INTRODUCIÓN.

A pesar do seu pequeno tamaño, un dos escaravellos máis rechamantes da entomofauna da comarca do Baixo Miño é, sen dúbida, *Oxythyrea funesta* (Poda, 1761), un coleóptero coñecido polo nome vernáculo de "*escaravello do sudario*".

TAXONOMÍA.

Único representante deste xénero na Península Ibérica, *O. funesta* é un coleóptero da familia dos escarabeidos, pertencente á subfamilia dos cetoninos (Coleoptera, Scarabaeidae, Cetoniinae), grupo considerado como o de máis beleza dentro dos escarabeidos.

Para a súa nomenclatura seguiuse a utilizada en IBERFAUNA.

MORFOLOXÍA EXTERNA.

O. funesta presenta un tamaño entre 8 e 10 mm. O corpo é negro con reflexos metálicos de cor verde cobrizo. Pronoto con dúas fileiras lonxitudinais formadas por tres manchas pequenas de cor branca. Manchas de cor branca tamén nos élitros, aínda que estas poden estar ausentes. Os machos diferéncianse das femias, en que estes presentan no abdome unha depresión lonxitudinal e os


agufelo

catro primeiros segmentos abdominais cunha mancha central en cada un deles (Micó, 2001).

BIOLOXÍA.

Podemos atopar adultos desta especie activos entre os meses de marzo a agosto, presentando un máximo de actividade nos meses de maio e xuño (Rey-Muñiz, 2006).

O. funesta aliméntase de pole e néctar de diferentes especies vexetais. Moitas veces, o seu comportamento perforador á hora de acceder ao néctar, causa serios danos ás flores (Micó, 2001). Rey-Muñiz (2006) sinala a preferencia de *O. funesta* polas flores de cor amarela pertencentes á Familia Compositae, sendo tamén común atopala no interior de *Zantedeschia aethiopica* (L.).


agufelo

As larvas desenvólvense sobre todo en excrementos de diversos herbívoros, pero tamén en depósitos de materia vexetal (Micó, 2001).

No Baixo Miño observáronse adultos desta especie principalmente sobre *Galactites tomentosus* Moench, pero tamén sobre *Cistus salviifolius* L. e *Asphodelus albus* Mill.

DISTRIBUCIÓN.

Especie distribuída por toda a Península Ibérica. Presente en toda Galicia desde o nivel do mar ata os 807 metros (Rey-Muñiz, 2006; Val-

cárcel, 2010). Parece moi ben distribuída no Baixo Miño (Rey-Muñiz, 2006).

AGRADECEMENTOS.

A Agustín Ferreira Lorenzo, pola cesión das fotografías publicadas neste artigo.

BIBLIOGRAFÍA.

IBERFAUNA. 2008. Species *Oxythyrea funesta* (Poda, 1761). En: IBERFAUNA. El Banco de Datos de la Fauna Ibérica. Museo Nacional de Ciencias Naturales (CSIC). Enlace: http://iberfauna.mncn.csic.es/showficha.aspx?rank=T&idtax=53910 (Fecha de acceso: 26/11/2020).

Micó, E. 2001. *Los escarabeidos antófilos de la península Ibérica (Col. Scarabaeoidea: Hopliinae, Rutelidae, Cetoniidae): taxonomía, filogenia y biología*. Tesis Doctoral. Universidad de Alicante, Alicante. 519 pp.

Rey-Muñiz, X.L. 2006. Os nosos insectos: *Oxythyrea funesta* (Poda, 1761). *Paspallás, Boletín divulgativo da Sociedade Galega de Historia Natural*, 40: 17.

Valcárcel, J.P. 2010. Fragmenta entomologica. Coleoptera, Familia Cetoniidae Leach, 1815. Datos inéditos de Cetónidos de España peninsular, Islas Canarias y Melilla. *Arquivos Entomolóxicos*, 3: 113-115.

WEBGRAFÍA.

http://www.anabam.org/ESCARABEIDOS BAIXO MINHO.html (Fecha de acceso: 01/11/2011).

http://www.anabam.org/Oxythyrea funesta.htm (Fecha de acceso: 20/07/2013).





Tropinota (Tropinota) squalida squalida (Scopoli, 1783)

agufelo

M. Javier Blanco-Souto

INTRODUCIÓN.

Neste artigo sobre os escaravellos presentes na comarca do Baixo Miño, falaremos dun coleóptero que habitualmente adóitase confundir con *Oxythyrea funesta* (Poda, 1761); referímonos a *Tropinota (Tropinota) squalida squalida* (Scopoli, 1783).



TAXONOMÍA.

T. (T.) squalida squalida, está considerado como un dos coleópteros cetoninos (Coleoptera, Scarabaeidae, Cetoniinae) máis comúns de Galicia xunto con *O. funesta* (Rey-Muñiz, 2006).

Para a súa nomenclatura seguiuse a proposta en IBERFAUNA.

MORFOLOXÍA EXTERNA.

O seu tamaño é variable,

podéndose observar exemplares entre os 8 e os 12 mm.

A súa cor é negra ou castaña escura con reflexos verdes e presenta abundante pilosidade no dorso, a cal é longa, erecta e dunha cor variable (gris, laranxa…). O escutelo presenta o ápice apuntado e está punteado soamente na base. As protibias son tridentadas. A quinta interestría elitral é lisa e ademais está elevada e bifúrcase cara aos ángulos anteriores do pronoto. Presenta manchas de cor branca nos élitros. Nos machos o abdome está surcado por unha depresión lonxitudinal e presentan os tarsos anteriores máis longos que as tibias, característica que os diferenza das femias (Micó, 2001).



agufelo



agufelo

BIOLOXÍA.

Esta especie podémola atopar sobre todo entre os meses de marzo e xuño, presentando o seu máximo poboacional entre os meses de abril e maio. É unha especie común en áreas abertas, hortos…

Os adultos aliméntanse de varias especies vexetais, podendo provocar danos nas mesmas. As larvas desenvólvense baixo excrementos de diferente orixe e mesmo en materia vexetal (Micó, 2001).

DISTRIBUCIÓN.

Abundante na Península Ibérica, aínda que é rara no nordés peninsular (Micó, 2001). Presente en toda Galicia (Valcárcel, 2010). No Baixo Miño parece ben distribuída.

AGRADECEMENTOS.

A Agustín Ferreira Lorenzo, pola cesión dalgunhas das fotografías publicadas neste arti-

go.

BIBLIOGRAFÍA.

Alonso-Zarazaga, M.A. 2014. Subspecies *Tropinota (Tropinota) squalida squalida* (Scopoli, 1763). En: IBERFAUNA. El Banco de Datos de la Fauna Ibérica. Museo Nacional de Ciencias Naturales (CSIC). Enlace: http://iberfauna.mncn.csic.es/showficha.aspx?rank=T&idtax=53971

(Data de acceso: 01/12/2020).

Micó, E. 2001. *Los escarabeidos antófilos de la península Íbérica (Col. Scarabaeoidea: Hopliinae, Rutelidae, Cetoniidae): taxonomía, filogenia y biología*. Tesis Doctoral. Universidad de Alicante, Alicante. 519 pp.

Rey-Muñiz, X.L. 2006. Os nosos insectos: *Oxythyrea funesta* (Poda, 1761). *Paspallás, Boletín divulgativo da Sociedade Galega de Historia Natural*, 40: 17.

Valcárcel, J.P. 2010. Fragmenta entomologica. Coleoptera, Familia Cetoniidae Leach, 1815. Datos inéditos de Cetónidos de España peninsular, Islas Canarias y Melilla. *Arquivos Entomolóxicos*, 3: 113-115.

WEBGRAFÍA.

http://www.anabam.org/ESCARABEIDOS BAIXO MINHO.html (Data de acceso: 01/11/2011).

NOMES POPULARES DE *Actinia equina*


agufelo

A globalización, a influencia do castelán, as novas tecnoloxías, son algunhas das causas que nos levan a esquecer que moitos nomes populares estanse a perder, a deixar de usarse e a non saber que significado ten. E isto sucede tamén cos nomes de moitas plantas e animais. Por iso, introducimos esta pequena sección. Nesta ocasión centramos o noso interese en coñecer os nomes populares que se lle dan, no Baixo Miño galego-portugués, a este invertebrado mariño. Os nomes que recollemos foron maiormente o de **teta de mar**, seguido de **teta** e **teto** e, finalmente **chuponas**. Os catro no municipio da Guarda.



Por **Agustín Ferreira Lorenzo**

Planta pertencente á familia Solanaceae (como as patacas). É orixinaria de Sudamérica. As súas flores son semellantes ás da planta europea coñecida como "lirio dos vales", de nome científico *Convalaria majalis*, pertencente a outra familia. Debido a ese parecido, nalgúns lugares á *S. origanifolia* tamén se lle chama co mesmo nome vulgar daquela, ademais doutros.

Fóra do seu hábitat pode chegar a ser invasora.

PRESENZA NO BAIXO MIÑO

A primeira vez que observamos esta planta foi no mes de xullo do ano 2018, a carón da praia de Moledo, próxima á estrada paralela á mesma. Aínda que non nos detivemos demasiado, non nos pareceu que fose abondosa.

Da súa presenza no resto do Baixo Miño, polo de agora aínda non temos datos, tampouco témola observado, agás na zona mencionada. Na Península aparece fundamentalmente en case toda a franxa oeste.


Probablemente introducida nesta bisbarra procedente de cultivo ornamental. Segundo o noso



amigo Nacho Fulano, que nola identificou, dinos que *"... como curiosidade, indicarte que foi no campus Sur de Santiago onde se detectara por vez primeira a súa presenza asilvestrada aló a finais dos oitenta comezos dos noventa"* .

DESCRIPCIÓN


As follas son redondeadas ovaladas. As flores, semellantes a unha campá, miden entre dez e quince mm de lonxitude, de cor branca e cos bordes curvados. Saen das axilas das follas. A planta lixeiramente pubescente. A frutificación ten lugar a partir de agosto. O froito é como un pequeno oviño, de cor branca cando madura.



Distribución na Península Ibérica, imaxe tomada de ww.asturnatura.com.

BREVES DE FAUNA

Chegaron as cegoñas.- 14 de febreiro: vese a primeira parella de cegoñas desta tempada no Baixo Miño. Foi no barrio da Gándara (Salcidos -A Guarda).


Foto: M. Sobrino Senra

Parrulo cristado.– 28 de xaneiro: vese un exemplar de **parrulo cristado (*Aythya fuligula*)** no Forno do Duque -esteiro do Miño- (A Guarda) segundo nos comunica Manu Sobrino Senra. Nos anos oitenta do século pasado esta zona era unha das de maior concentración de exemplares desta especie na Península, co paso dos anos foi a menos ata deixar de invernar neste enclave.

Xabaril atropelado.- 30 xaneiro: x**abaríl (*Sus scrofa*)**, atropelado na recta de Estás (Tomiño) (Andrea Pousa barros).



Varamento de golfiños.- O socio e Tesoreiro de ANABAM, Manuel A. Pombal Diego, envíamos información de dous cadáveres de golfiño varados na costa de Oia: (1) localizado en Porto Senín o 3 febreiro e (2) na explanada das Orelludas o 10 febreiro. Ámbolos dous xa moi deteriorados e sen poder identificar a especie, debido ao seu estado.



Localización dos varamentos (esquerda) e fotografía do golfiño localizado na explanada das Orelludas (arriba).

Doazón a ANABAM da Weeden Foundation

A **Weeden Foundation**, fixo un donativo de 2.000 $ á nosa asociación destinados á protección do **BOSQUE DE RIBEIRA**, un proxecto co que ANABAM trata de levar a cabo a protección do bosque de ribeira no Baixo Miño. A idea inicial é comezar por adquirir algunha parcela onde xa exista este bosque e, a partir de aí, ir ampliando as propiedades para evitar calquera actuación no futuro que poida facer desaparecer a masa forestal existente.

INGRESOS E GASTOS ANO 2020:

Finalizado o ano 2020, o estado das contas de ANABAM é o seguinte:

INGRESOS: - Remanente do ano 2019: 15.987,40 euros.
- Ingresos 2020: 4.645,00 euros.
- **Total: 20.632,40 euros.**

GASTOS: - **Total: 5.744,16 euros**.

SUPERÁVIT 2021: (I-G): **14.888,24 euros**.

REXISTRO DE ASOCIACIÓNS DO CONCELLO DA GUARDA

Con data 10 de febreiro de 2021, o Concello da Guarda procedeu a dar de alta no Rexistro Municipal de Asociacións, trala pertinente solicitude pola nosa parte, da ASOCIACIÓN NATURALISTA BAIXO MIÑO co número 0004 do citado rexistro.

DIARIO

2/10/2020: Ana Prado Comesaña, coordinadora da proposta que se opón a que a praia da Calzoa (Vigo) sexa praia canina, comunícanos que foi **aprobada a proposta pola Comisión Europea** para que sexan investigados os danos causados na citada praia.

07/11/2020: o IEM (Instituto de Estudios Miñoranos) envíanos comunicado contra a instalación de eólicos nas serras da Groba e do Galiñeiro para ver se nos adherimos ao mesmo.

11/11/2020: David, profesor no colexio dos PP Somascos de A Guarda solicita información sobre a avifauna da Guarda (especialmente aves acuáticas) e os efectos da COVID na fauna.

12/11/2020: Enviamos ao IEM o noso apoio ao comunicado contra a instalación de eólicos nas serras da Groba e do Galiñeiro.

12/11/2020: enviamos a información solicitada polo profesor do colexio PP. Somascos.

12/11/2020: apoiamos o manifesto "***Tu abrigo su vida***" contra as granxas de visóns.

22/11/2020: recollemos un exemplar de **ánade azulón (*Anas platyrhynchos*)** ferido. O 24 dese mesmo mes foi enviado ao Centro de Recuperación de Fauna.

22/11/2020: adherímonos ao manifesto "***Aldeas con horizonte***" contra a política eólica.

03/12/2020: puxémonos en contacto co **Centro de Recuperación de fauna** para coñecer o estado do ánade azulón. Foi preciso eutanasialo debido a unha fractura no fémur que non se podía operar.

03/12/2020: **asinamos** no Concello da Guarda unha subvención por importe de 1.630 euros. destinada á divulgación do patrimonio natural.


XANEIRO 2021:

- Adherímonos á **TU ABRIGO SU VIDA**, unha ONG de protección animal que leva anos loitando contra as granxas peleteiras de España.
- A orientadora do **Colexio San Xerome** da Guarda envíanos escrito para realizar unha actividade conxunta de limpeza. Comunicámoslle que, debido á COVID, aínda non temos programado nada a este respecto, pero que esperamos poder realizala nun futuro próximo.
- Enviamos alegacións, dirixidas á Xunta de Galicia, contra o **Parque Eólico Torroña I**.
- Apoiamos o manifesto de "**ALDEAS CON HORIZONTE**" pola moratoria de novos parques eólicos e por un novo modelo de desenvolvemento eólico para Galicia, á vez que pedimos a inclusión da nosa asociación no referido manifesto.

FEBREIRO:

- A petición do departamento de Medio Ambiente do Concello da Guarda, presentamos unha solicitude, no mencionado concello, para levar a cabo **visitas guiadas** relacionadas coas árbores máis salientables da citada vila.
- Procedemos a enviar a documentación correspondente para inscribir a ANABAM no **Rexistro de Asociacións da Guarda**.
- Adherímonos ao conxunto de asociacións que rexeitan o **Plan Forestal da Xunta de Galicia.**
- Sumámonos a **ALIENTE** (Alianza Energía y Territorio), para unha transición enerxética xusta.

APUNTES DA NOSA HISTORIA



No mes de outubro do ano 1987, iniciamos no que, nos dous anos de existencia que levaba ata entón ANABAM, era o maior proxecto desenvolvido na asociación: o ***Atlas de Vertebrados Terrestres do Baixo Miño***, o cal tería unha duración de cinco anos, rematando no mes de setembro de 1992.

O traballo de campo, no que colaboraron máis de medio cento de persoas, permitiunos non só achegarnos a un mellor coñecemento da fauna baixomiñota senón, mesmo, aos diferentes enclaves naturais, rurais e urbanos que conforman o Baixo Miño.

Os datos, ao longo dese tempo, foron recollidos tanto de xeito individual como de grupo. Neste último caso, estableceronse saídas fixas por diversas zonas da bisbarra tódolos sábados pola tarde.

Para divulgar este proxecto, ademais da difusión interna por medio do boletín que se publicaba mensualmente, fixémolo a través da prensa e da radio. Editamos unha pegatina, a cal reproducimos, como soporte para achegar o proxecto á xuventude. Nela amósase a silueta do Baixo Miño e a dos catro grupos da fauna obxecto do noso estudo: os mamíferos, as aves, os réptiles e os anfibios.

Aquela experiencia que durou nada menos que cinco anos, permitiunos ir afianzando os nosos coñecementos, observar por primeira vez especies das que só coñeciamos polos libros, por fotografías.

Non se nos esquecerá, por exemplo, a primeira vez que tivemos nas nosas mans unha salamántiga rabilonga. Ninguén dos que participabamos no proxecto vira, ata entón, ningunha. Ou o esgonzo ibérico do que aínda hoxe resulta difícil atopalo na nosa bisbarra.

O "Atlas" foi, sen dúbida, a primeira escola práctica que tivemos os que formamos parte de ANABAM dende aquela. Collemos experiencia de campo, estreitamos lazos entre nós, permitiunos coñecer innumerables recunchos do Baixo Miño e seguimos, dende aquela, saíndo os sábados pola tarde en grupo.

ÍNDICE

O urbanismo de Santa Trega.- Antón Ferreira Lorenzo……..…. 1

As sobreiras da Madalena en Eiras.- Xoán Gánda...……..…….. 6

Primeiro rexistro dun ave anelada na Guarda………..…….. 10

Urces e carrascos da Serra da Groba.- Afonso Salvador Rodríguez González……. 11

***Synema globosum* Araña Napoleón**.- Agustín Ferreira Lorenzo…….…….. 18

Proxecto Animaes silvestres atropelados.- Xabier Pim……...……..…… 22

Avaliación da potencial contaminación no porto da Guarda por TBT usando *Nucella lapillus* como bioindicador.- Daniel Zarco Fernández.. 24

Escaravellos do Baixo Miño. *Oxytirea Funesta. Tropinota (Tropinota) squalida squalida*.- M. Javier Blanco Souto……..… 30 e 33

Nomes populares de *Actinia equina*……. 35

***Salpichroa origanifolia*.-** Agustín Ferreira Lorenzo…….… 36

Cousas de ANABAM…….. 38

A nosa historia……. 40

DEBIDO ÁS RECTRICCIÓNS POLO COVID

as actividades, accións e actos desenvolvidos por ANABAM están restrinxidos ao mínimo ata que as circunstancias permitan o seu desenvolvemento normalizado.

Polo tanto, moi ao noso pesar, actividades e accións como a protección da píllara das dunas, fototrampeo, visitas guiadas,

A PUBLICACIÓN DESTE BOLETÍN CONTA CUNHA SUBVENCIÓN ECONÓMICA DO CONCELLO DA GUARDA

AS PERSOAS INTERESADAS EN PUBLICAR ARTIGOS NESTE BOLETÍN PODEN DIRIXIRSE A ANABAM POR CORREO ELECTRÓNICO OU WHATSAPP.

OS ARTIGOS TEÑEN QUE TER RELACIÓN DIRECTA OU INDIRECTA COA BISBARRA DO BAIXO MIÑO, DANDO PREFERENCIA A AQUELES QUE TRATEN ASUNTOS DE NATUREZA E MEDIO AMBIENTE